



**CIRCULAR INFORMATIVA Nº 2/2011 PONTEVEDRA**  
**Nº 4/2011 VIGO**

**08/03/2011**

**CONVOCATORIA PRESENTACIÓN PREMIOS “GRAN DE AREA” 2011**

O pasado xoves día 3 de Marzo convocouse unha nova edición dos Premios Gran de Area 2011. A nova convocatoria conta coa novidade da ampliación do ámbito dos premios a toda a provincia de Pontevedra, podendo participar todos os Colexiados do COAG que teñan algún proxecto ou obra levada a cabo durante o ano 2010 e dentro do ámbito provincial.

**BASES PREMIOS “GRAN DE AREA” 2011**

**PRIMEIRA. OBXETO**

As Delegacións do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de Pontevedra e Vigo convocan os Premios “Gran de Area”, que supoñen un recoñecemento a PROMOTORES, ARQUITECTOS E CONSTRUTORES, pola súa labor, necesariamente conxunta, para obter unha obra arquitectónica de calidade.

Cada obra é unha pequena, á vez que importante, aportación á ARQUITECTURA, á CREACIÓN e á posta en valor do Entorno.

**SEGUNDA. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN**

O criterio de selección será establecido polo xurado, puidendo valorarse a totalidade do Proxecto ou Obra ou, únicamente, un determinado aspecto do mesmo que aporte un carácter singular ou de valor: tipoloxía, innovación tecnolóxica, baixo custo, implantación no territorio.....

**TERCEIRA. CONCURSANTES**

Poden optar aos Premios todos os arquitectos Colexiados do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con proxectos redactados ou obras finalizadas, na Provincia de Pontevedra, durante o ano 2010.

**CUARTA. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR**



**CIRCULAR INFORMATIVA Nº 2/2011 PONTEVEDRA  
Nº 4/2011 VIGO**

**08/03/2011**

Os autores dos Proxectos facilitarán a información necesaria para valorar a obra e que, como mínimo, será a seguinte:

DOSSIER:

Memoria, en formato DIN A4, máximo 10 páxinas, incluíndo:

- Información sobre a obra: situación, propietario, aparellador, constructora, prazos, presuposto...
- Memoria do arquitecto indicando: necesidades formuladas polo cliente, criterios de deseño.

Documentación gráfica: planos, perspectivas e fotos, en formato DIN A3, dobrados en formato DIN A4.

CD ou DVD coa documentación en formato PDF (resolución mínima 300 ppp)

Todo irá axeitadamente encadernado e de forma conxunta.

Anexo I debidamente cumprimentado

**QUINTA. PRAZO DE PRESENTACIÓN**

A documentación dos proxectos ou obras que optan aos premios deberá entregarse nas Delegacións do COAG en Pontevedra ou Vigo, antes das 14.00h do día 31 de Marzo de 2011.

Direccións Delegacións:

Pontevedra: C/ Pastor Díaz, nº 1-1ºA – CP 36.001

Vigo: C/ Dr. Cadaval, nº 5 – CP 36.202

**SEXTA: COMPOSICIÓN DO XURADO**

O xurado para a avaliación das obras presentadas, estará composto polas seguintes persoas:

- Presidentes das delegacións de Pontevedra e Vigo ou persoa en quen deleguen
- 1 colegiado da Delegación de Vigo con máis de 25 anos de profesión

**COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA**  
DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA  
Pastor Díaz 1 - 1ªA      TF: 986 859158      36001 PONTEVEDRA

---

DELEGACIÓN DE VIGO  
Dr. Cadaval, 5.      TF: 986439633      36202 VIGO



**CIRCULAR INFORMATIVA Nº 2/2011 PONTEVEDRA**  
**Nº 4/2011 VIGO**

**08/03/2011**

- 1 colexiado da Delegación de Pontevedra con máis de 25 anos de profesión
- 1 colexiado da Delegación de Vigo con menos de 25 anos de profesión
- 1 colexiado da Delegación de Pontevedra con menos de 25 anos de profesión
- 2 colexiados seleccionados entre os premiados nos Premios "Gran de Area" da edición anterior.
- O secretario das Delegacións de Vigo ou Pontevedra ou persoa en quen deleguen.

Os membros do xurado non poderán optar a ningún premio.

**SÉTIMA. FALLO**

Os premios fallaranse na segunda quincena de abril de 2011, comunicándose oportunamente por circular colexial.

**OITAVA. ENTREGA DE DIPLOMAS**

Celebrarase un acto de entrega de diplomas tanto aos arquitectos como aos promotores e construtores das obras, que se comunicará oportunamente.

Este acto complementarase coa organización dun ciclo de conferencias impartidas polos premiados.

*NOTA: As consultas deberán ser remitidas aos seguintes correos electrónicos:*

*pontevedra@colexiodearquitectos.org*

*vigo@colexiodearquitectos.org*

## **ANEXO I MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN E AUTORIZACIÓN PARA O TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS**

D./DNA \_\_\_\_\_

OU

Á SOCIEDADE \_\_\_\_\_

### **SOLICITO**

participar na convocatoria do Premio Gran de Area 2011 de acordo co prego de bases que rixe o concurso, cuxo contido declaro coñecer plenamente e acepto, e a tal efecto acompaño a esta solicitude os documentos expresados nas bases, declarando no encontrarme afectado/a por ningún tipo de incompatibilidade para presentarme o mesmo.

Así mesmo,

### **AUTORIZO**

ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para que seleccione, premie, publique, publicite e divulgue, en calquer formato, medio e extensión, o proxecto ou obra " \_\_\_\_\_ ", ofrecéndolle para tal fin o libre uso dos datos, textos e planos reflectidos nos documentos presentados expresamente para a inclusión na selección dos premiados do "Premio Gran de Area 2011".

E para que así conste, ós efectos de participar no citado concurso,

Asino a presente en \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2011.

Asinado: \_\_\_\_\_

De acordo coa lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD), infórmase os participantes no concurso que os seus datos de carácter persoal que voluntariamente faciliten serán incluídos e tratados de forma confidencial no ficheiro do concurso cuxo responsable é o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, para a convocatoria dos Premios Gran de Area 2011. Ao participar no concurso e cubrir a documentación correspondente os participantes consenten expresamente que se poida levar a cabo o tratamento dos os seus datos de carácter persoal. Así mesmo, os participantes poderán exercer en calquera momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que recoñece a lei dirixíndose por escrito ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con domicilio na praza da Quintana nº3, casa dá Conga, 15704, Santiago de Compostela, A Coruña.